



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)

# INFORME DE RESULTADOS

Patrocinan:



Realiza:



Preparación do libro branco da  
Asociación de Escritoras e  
Escritores en  
Lingua Galega

<b>Introdución</b> .....	<b>3</b>
<b>PRINCIPAIS RESULTADOS</b> .....	<b>3</b>
<b>PERFIL E TRAXECTORIA</b> .....	<b>3</b>
Caracterización .....	3
Dedicación á escritura.....	4
Obras e xéneros literarios .....	4
Situación económica .....	4
<b>O MERCADO EDITORIAL</b> .....	<b>5</b>
Relación coas editoriais.....	5
Contratos.....	5
<b>APOIO E PROMOCIÓN</b> .....	<b>6</b>
Actores principais .....	6
<b>PERFIL XERAL</b> .....	<b>7</b>
<b>RESULTADOS DETALLADOS</b> .....	<b>9</b>
<b>Caracterización sociodemográfica</b> .....	<b>9</b>
<b>Traxectoria profesional</b> .....	<b>10</b>
Obras publicadas .....	12
Traxectoria recente.....	14
Obras traducidas.....	15
Formato de publicación .....	15
<b>Situación profesional e económica</b> .....	<b>16</b>
Situación profesional .....	16
Dereitos de autoría e ingresos.....	18
<b>Aspectos editoriais</b> .....	<b>20</b>
Axencias literarias.....	20
Relación co mundo editorial.....	21
Aspectos contractuais .....	23
Problemas coas editoriais.....	25
Autopublicación.....	26
<b>Apoio e promoción da literatura</b> .....	<b>26</b>
As institucións públicas .....	26
Os medios de comunicación.....	28
As librarías.....	29
A crítica .....	30
Contribución á normalización lingüística .....	30
<b>A AELG</b> .....	<b>31</b>
<b>Reflexións e conclusións acerca do sector</b> .....	<b>32</b>
<b>Ficha técnica</b> .....	<b>37</b>
Enquisa.....	37
Entrevistas en profundidade .....	37

## Introdución

Na preparación e redacción do Libro Branco é fundamental coñecer unha radiografía o máis detallada posible da situación das escritoras e dos escritores en lingua galega. Na procura deste obxectivo a enquisa xoga un rol fundamental, xa que permite obter unha gran cantidade de información de gran complexidade e achéganos á realidade máis obxectiva do colectivo.

Porén, aínda que a enquisa por si mesma aporta uns datos que permiten unha radiografía profunda da situación do sector, esta información complementouse cunha serie de entrevistas en profundidade que permitiron ampliar a visión e coñecer dun xeito máis completo a realidade actual. O obxectivo destas entrevistas foi dobre:

- Por unha banda, completar e enriquecer a información da enquisa co aporte do enfoque cualitativo, que lle outorga ás persoas entrevistadas maior liberdade expresiva e permite que xurdan outros aspectos non considerados na enquisa.
- Pola outra, contrastar algunhas das conclusións preliminares da análise da enquisa, tanto para coñecer as súas opinións coma para explorar as explicacións que lles suxiren os datos cuantitativos.

No deseño do guión da entrevista partiuse do cuestionario inicial e agregáronse aspectos relacionados co desenvolvemento da análise cuantitativa.

Unha vez analizadas e recollidas as conclusións das dúas abordaxes metodolóxicas, procédese a súa análise conxunta, que presentamos neste documento e que pretenden achegar a realidade do sector da literatura en galego como base para a elaboración dun libro branco que forme un marco de actuación e dea cobertura ás escritoras e escritores na nosa lingua.

Inicialmente presentaremos o perfil xeral das escritoras e escritores en lingua galega e os principais resultados do estudo, para posteriormente entrar máis polo miúdo na descrición da situación sectorial actual a través dos datos detallados da enquisa.

## Principais resultados

Neste apartado, como síntese, exporemos os resultados máis relevantes da enquisa levada a cabo

### PERFIL E TRAXECTORIA

#### Caracterización

Trátase dun colectivo masculinizado, posto que o 63% son homes, o 35% mulleres e o 2% recoñécense coma outras identidades de xénero. A media de idade é relativamente elevada (54 anos de media), se ben os escritores homes teñen moita maior proporción de persoas en idade avanzada. En 9 de cada 10 casos, contan cunha titulación universitaria.

## Dedicación á escritura

Tan só o 17% ten dedicación en exclusiva á escritura (porcentaxe que inclúe tamén ás persoas en situación de xubilación e de paro laboral). En calquera caso, a valoración sobre a dedicación exclusiva é antes cualitativa, da propia vida das persoas, que formal ou legal en termos profesionais; é unha valoración da dedicación dos esforzos persoais. Nos resto dos casos compaxinan a súa actividade literaria con outra ocupación laboral (o 36% coa docencia e o 10% con outro tipo de emprego público). Dentro do mundo literario, teñen outras actividades relacionadas nunha alta proporción: o 50% realizou traballos de tradución e máis do 40%, de edición e crítica.

Son profesionais cunha ampla traxectoria ás súas costas, posto que o 61% leva máis de 20 anos dedicado á escritura.

A dedicación horaria é limitada e vén determinada pola outra ocupación profesional: só o 30% afirma dedicarse á escritura de xeito regular, tanto a xornada completa como con menor intensidade.

## Obras e xéneros literarios

Trátase de autoras e autores que cultivan e compaxinan os diferentes xéneros literarios (só hai un 21% que escriben obras dun único xénero). A narrativa é o xénero máis habitual, posto que o 70% do colectivo publicou algunha obra deste xénero. A continuación, o 48% das e dos autores escribiron e publicaron poesía algunha vez.

Estamos a falar dun colectivo prolífico, xa que publicou unha media de 17 obras e, de feito, máis dunha cuarta parte publicou máis de vinte obras. Nos últimos dez anos, o número medio de obras publicadas é de 6 obras, dato que dá conta da fertilidade da literatura galega. Nos últimos 3 anos publicaron obras case oito de cada dez autoras e autores (78%).

O 70% de persoas que escriben e publican en galego teñen obras traducidas a outros idiomas, mais estimamos que se traducen menos do 20% das obras publicadas. Cada escritor ou escritora conta cunha media de 3,8 obras traducidas. O idioma maioritario de tradución é o castelán, seguido polo catalán e o inglés.

## Situación económica

A proporción de persoas que pode vivir da literatura é moi escaso debido, entre outras razóns, aos mínimos ingresos que supoñen os dereitos de autoría. O 54% das autoras e autores recibiron por este concepto, no último ano analizado, menos de 1.000 €.

Para o 72% do colectivo, os dereitos de autoría supoñen menos do 10% dos seus ingresos anuais.

O 2% de todas as escritoras e escritores foron penalizados por compaxinar os ingresos por dereitos de autoría cos ingresos derivados da súa xubilación.

É este un colectivo pauperizado no sentido de que precisa doutra fonte de ingresos para poder dedicarse á escritura, actividade esta pouco rendible economicamente, agás para casos excepcionais.

## O MERCADO EDITORIAL

### Relación coas editoriais

O 89% das autoras e autores non tivo nunca axentes literarios. Aínda que a maioría di que non lle interesa este tipo de servizos, o 22% afirma non encontrar axentes en Galicia.

O número medio de editoriais coas que se publica é de 6, mais tende a reducirse. Nos últimos dez anos a media de editoriais é de 4 e case o 44% das persoas publicaron en dúas ou unha editorial.

A autopublicación non está aínda moi estendida (o 73% nunca publicou unha obra deste xeito), mais estase a incrementar nos últimos anos (2 de cada 3 obras autopublicadas puxéronse á venda na última década). A principal razón mencionada para autopublicar unha obra é o control sobre todo o proceso (52%), mais a negativa doutras editoriais é outro dos aspectos máis determinantes.

As editoriais máis empregadas son Galaxia e Xerais, mencionadas por máis dun 44% nos dous casos e, en menor medida, Embora ou Urco.

O 57% das e dos autores poden escoller a editorial de publicación da súa obra e só un 5% escriben dita obra baixo encargo.

En calquera caso, a satisfacción co traballo editorial é elevado, sobre todo nos aspectos relacionados coa realización material do libro, mais non tanto no referido ás condicións económicas ou á publicidade e promoción da obra.

### Contratos

O 21% afirma que algunha vez enviou orixinais ás editoriais e non recibiu resposta algunha. En cambio, o 51% di que todas as obras que enviou ás editoriais foron publicadas.

O 73% do colectivo entregou algunha vez unha obra para a súa publicación sen mediar un contrato. De feito, unha de cada tres persoas di que habitualmente ou sempre entrega a obra sen asinar un contrato. Máis dunha cuarta parte do colectivo tivo que reclamar algunha vez a sinatura do contrato, xa que a editorial non llo propuña.

Os contratos, en xeral, recollen os principais aspectos a ter en conta, mais a remuneración e os anticipos de autoría son as cuestións que con menor frecuencia se recollen (no 36% non figura un anticipo pola autoría). Outro aspecto pouco incorporado nas cláusulas do contrato é o tipo de distribución (no 22% non figura nunca).

Case a metade do colectivo (45%) tivo algunha vez problemas ou diverxencias relevantes coas editoriais, mais o 27% non fixo nada ao respecto. O 15% tivo que presentar unha reclamación na propia editorial e case o 4% emprendeu medidas legais ao respecto.

## APOIO E PROMOCIÓN

### Actores principais

Catro de cada dez escritores e escritoras consideran inexistente o apoio ou a promoción da literatura en galego na televisión actual. Esta crítica faise extensible, aínda que algo máis matizada, á Televisión de Galicia (o 19% cre que o apoio é inexistente, pero o 52% opina que é baixo).

A Radio Galega está algo mellor valorada, mais só o 11% afirma que o labor de promoción realizado é alto.

A percepción das librarías é moito mellor (o 21% cita o seu traballo como bo e só o 1% di que este é inexistente), mais aínda se considera mellorable.

O papel da crítica literaria galega non é todo o bo que sería recomendable e é adxectivada como pouco construtiva e endogámica. Aínda así, o 28% do colectivo cre que o traballo levado a cabo pola crítica é bo.

A AELG está ben considerada no seu papel na defensa dos intereses das escritoras e escritores en galego, mais o colectivo bota en falta maior asistencia ou asesoramento legal, así como unha maior presenza nos medios de comunicación.

## PERFIL XERAL


Tendo en conta que no sector hai unha elevada cantidade de situacións particulares diferentes, tentaremos facilitar a abordaxe da información obtida mediante a caracterización dos perfís xerais que se tiran dos datos recollidos. Así pois, indicamos os perfís medios e posteriormente caracterizaremos máis polo miúdo ás persoas que escriben literatura en galego.

### Perfil medio da persoa asociada á AELG

Asociado/a á AELG

**+15** anos

Xénero



Situación profesional e compaxinación




Dedicación á escritura

**+20** anos

Publicacións

Na súa traxectoria



Editoriais



Resultados



<b>Perfil medio das persoas que escriben en lingua galega</b>	
Maioritariamente son homes, de máis de 50 anos e con estudos universitarios.	
Compaxina a escritura con outro emprego a tempo completo, que soe ser a docencia.	
Leva máis de 20 anos dedicado á escritura.	
Escribe cunha dedicación esporádica, aínda que ten momentos de dedicación máis intensa.	
É prolífico: leva publicadas máis de 17 obras, especialmente de narrativa e poesía, e colabora habitualmente na prensa.	
Publica con certa frecuencia: nos últimos 10 anos ten publicadas entre 3 e 5 obras.	
Conta con traducións da súa obra a outros idiomas, especialmente ao castelán.	
Os seus ingresos por dereitos de autoría non adoitan superar os 1.000€ anuais, e non representan máis do 10% dos seus ingresos totais.	
As editoriais nas que máis publica son Galaxia e/ou Xerais, coas que mantén unha boa relación, aínda que ao longo da súa traxectoria publica en 6 ou máis editoriais. Non hai case autopublicación.	
Nunca contou con subvencións ou axudas directas á publicación.	
Non ten axente literaria/o, porque non lle interesa tela/o.	
Considera que a literatura é unha ferramenta imprescindible de cara á normalización lingüística.	
Leva asociado á AELG máis de 15 anos, por ética profesional, xa que considera moi importante o papel da asociación na promoción da literatura en lingua galega.	

Polo tanto, pódese dicir que estamos diante dun escritor promedio xa establecido, pero que non é quen de vivir exclusivamente da escritura, xa que ten que compaxinar a súa actividade con outro emprego regrado.

Achegamos, unha vez coñecido o perfil medio, as diferencias por xéneros. Salientamos as seguintes cuestións:

<b>Perfil medio das persoas que escriben en lingua galega</b>	
IDADE	As escritoras son, en xeral, máis novas que os escritores varóns.
ESTUDOS	Aínda que as diferenzas son poucas, hai maior proporción de mulleres con estudos universitarios.
OUTRAS ACTIVIDADES	A docencia é a principal actividade profesional fóra da escritura nos dous casos, pero en moita maior medida no caso das mulleres. Á inversa, a proporción de homes funcionarios duplica á de mulleres.
DEDICACIÓN	As escritoras declaran en maior proporción unha dedicación esporádica, froito probablemente da súa menor idade e, polo tanto, dunha menor estabilidade na escritura.
TRADUCIÓNS	Os escritores son máis traducidos a outras linguas que as escritoras.



Hai, obviamente, moitas cuestións que permitirían delimitar diferentes perfís profesionais (antigüidade na escritura, dedicación, xénero literario, etc.), mais non resultaría operativo presentar todas as posibles diferenzas. Para unha maior claridade expositiva, presentaremos, a continuación, os datos detallados da enquisa, facendo as mencións necesarias a cada perfil diferencial ou a cada característica relevante.


## Resultados detallados

### Caracterización sociodemográfica


A distribución por xénero da base societaria da AELG é desigual, cunha clara maioría de homes (63%) fronte a mulleres (35%). A distribución por idade indica que a porcentaxe de persoas novas asociadas é escaso, posto que só o 5% ten 35 anos ou menos. Parece que hai, pois, certo envellecemento do conxunto da escritoras e escritores en lingua galega, xa que case o 20% ten máis de 65 anos. Porén, esta distribución é desigual por xénero, posto que o 43% as escritoras teñen 45 anos ou menos, mentres que a proporción de homes nesas franxas de idades é de pouco máis do 17%. A media de idade dos escritores sitúase nos 56 anos, mentres que as escritoras sitúanse lixeiramente por debaixo dos 50 anos.

Gráfica 1

Xénero (%)




Gráfica 2



O perfil formativo está composto, na práctica totalidade, por persoas cunha titulación universitaria (máis do 90%), con escasas diferenzas segundo o xénero. A presenza de persoas cun nivel formativo inferior é educación secundaria é mínimo (1%).


Con respecto á situación profesional, case o 58% conta actualmente cun emprego por conta allea, dato que implica unha alta porcentaxe de escritoras e escritores que compaxinan a escrita con outra actividade profesional. Case o 13% teñen un emprego por conta propia e máis dunha cuarta parte (27%) son pensionistas, tanto por xubilación como por outras razóns.

Como consecuencia da estrutura da idade por xénero, hai tamén diferenzas na situación profesional, xa que hai moita maior proporción de homes pensionistas que de mulleres (33% e 17%, respectivamente).



### Traxectoria profesional

En primeiro lugar, queremos coñecer a situación das escritoras e escritores segundo a súa antigüidade na profesión, o tempo que levan dedicados á escritura. En xeral, estamos a falar de persoas cunha ampla traxectoria na escritura, posto que máis do 60% afirman levar máis de 20 anos na profesión. Isto implica que a idade media de comezo na escritura sitúase sobre os 36 anos.



Este é un dato que require dunha maior reflexión, xa que ou ben pode supoñer que as escritoras e escritores comezaron "tarde" a dedicarse a escribir (pasados os 35 anos), ou ben que, na auto-reflexión sobre os seus comezos na escritura están a considerar algún fito formal, coma por exemplo cobrar os primeiros dereitos, publicar a primeira obra, gañar un premio, etc. Confrontado este dato coas persoas entrevistadas parece máis ben que pode haber dúas explicacións ao respecto:


- En efecto, estase a considerar como punto de inicio da súa dedicación á escritura o momento da súa primeira publicación.
- Outra parte das persoas que responderon, vencellan esta cuestión a feitos biográficos: consideran que comezaron a dedicarse á escritura no momento no cal económica, persoal e profesionalmente, puideron atoparlle o acomodo nos seus horarios e no seu quefacer cotiá.

Non é, pois, que previamente non se consideraran escritores, senón que hai unha identificación entre a formalización da profesión e diferentes fitos vitais e editoriais.

Tal e como se apuntou no perfil presentado, en xeral non hai unha dedicación profesional completa, posto que o 83% ten algún outro emprego ademais da escritura. Sobre esta cuestión volveremos máis adiante, mais cómpre mencionalo posto que está a influír no tempo destinado ao labor literario actual.

Como é lóxico, a dedicación horaria está determinada pola convivencia da actividade literaria con outra actividade profesional, pero tamén con outros aspectos como a idade: a maior idade, maior porcentaxe de dedicación regular (tanto a media como a xornada completa). En todo caso, a dedicación esporádica é a modalidade principal para todos os grupos de idade.

Gráfica 5  
Dedicación horaria (%)




Só o 6% das escritoras e escritores teñen unha dedicación regular a xornada completa e para o 14% do total a súa dedicación relativa á escritura é sempre esporádica ou parcial.

Adóitase considerar que a dedicación temporal é, por unha banda, indicativa da profesionalidade, e por outra, da estabilidade e do éxito da persoa dedicada á literatura, mais isto non é así. De feito, non hai unha relación directa entre a dedicación horaria e o volume de publicacións, polo que se pode concluír que o tempo de dedicación non é un impedimento ou obstáculo nin na súa produción nin nas oportunidades de publicar. Si é, en cambio, un elemento de insatisfacción xeral, posto que lles gustaría ter máis tempo para dedicarlle á literatura.


## Obras publicadas

No seu conxunto, as escritoras e escritores en lingua galega poden ser considerados bastante prolíficos, posto que se rexistran unha media de 17 obras publicadas ao longo da súa traxectoria literaria. En concreto, case o 50% ten no seu haber máis de 10 obras publicadas e tan só o 20% non supera as 5.

Obviamente, este dato garda estreita relación cos anos dedicados á escritura, de tal xeito que, a partir das dúas décadas de dedicación, o número medio supera claramente as 23 obras publicadas.



Segundo os xéneros literarios, o maior volume medio de obras publicadas dáse na narrativa, con case 9 obras, a mesma cifra que os escritos académicos. A poesía sitúase con case 7 obras, cifra superior á do teatro (por debaixo de 5) e á da novela gráfica, con apenas unha publicación de media<sup>1</sup>.




<sup>1</sup> Estas cifras refírense ás persoas que teñen publicado nalgún dos xéneros mencionados. É dicir, as persoas que publicaron narrativa, publican unha media de 8,6 obras. Non se contan, polo tanto, as persoas que non traballan ese xénero en concreto.

A narrativa é, pois, o xénero máis cultivado, non só polo número de obras publicadas, senón porque o 70% das e dos escritores teñen algunha publicación deste xénero. A poesía e o ensaio son empregados por algo menos da metade do colectivo (48% e 42%, respectivamente), mentres que só o 18% publica teatro.

En xeral, non obstante, as escritoras e escritores da AELG adoitan cultivar todos ou case todos os xéneros, e mesmo determinar se son eminentemente poetas ou poetisas, por exemplo, non é doado. Mais o obxectivo é máis exploratorio que definitivo, de tal xeito que cobra relevancia o volume de persoas dedicadas a cada un dos xéneros, sexa de maneira exclusiva ou compaxinándoos. Así, obsérvase que máis do 70% compaxinan a publicación de varios xéneros diferentes, cuestión que ten lóxica en dous sentidos: por unha banda, a diversidade de xéneros permite abranguer máis sensibilidades lectoras; pola outra, tanto escritoras como escritores escriben empregando diferentes ferramentas que poden ser de diversa natureza (poesía, narrativa, teatro, etc.). Os xéneros literarios, pois, nin son incompatibles nin son estancos entre eles.


Gráfica 8



Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.

Non obstante, a narrativa non só é o xénero máis cultivado, senón tamén o que concentra a maior proporción de escritores “en exclusiva”: o 16% do conxunto de persoas entrevistadas só teñen publicadas obras narrativas. A poesía, pola súa parte, conta cun 6% de poetas que só se dedican a este xénero.


Gráfica 9



A partires destes datos podemos caracterizar un pouco mellor tanto a estratexia da industria editorial como a sensibilidade lectora maioritaria: a literatura en galego móvese sobre todo grazas a narrativa. É difícil establecer, non obstante, se isto é debido aos intereses propios da comunidade lectora galega, ou sé é parte dunha decisión "profesional" das escritoras e escritores ou da propia industria (por exemplo, unha persoa que decide escribir narrativa porque "é o que vende máis"). Este é un aspecto susceptible de debate e, tamén, de potencial estudo futuro: mediante a análise dos outros actores nesta ecuación (a comunidade lectora e, sobre todo, a industria editorial) chegaríase a coñecer de maneira íntegra a realidade da literatura en galego.

### Traxectoria recente

Nos últimos dez anos o ritmo de publicación foi tamén relativamente elevado, posto que o 43% publicou máis de 5 obras neste período de tempo. Especificamente, cada unha das persoas entrevistadas publicou, de media, máis de seis obras (6,3) e tan só o 3,6% leva máis dunha década sen publicar unha obra nova. Máis en concreto, o 78% publicou entre 2018 e 2020 e algo máis dun 31% publicaron no mesmo 2020.



Hai, con respecto á traxectoria máis recente, dous aspectos a destacar:

- O número medio de obras publicadas por mulleres nos últimos dez anos é case o dobre que o número de obras publicadas por escritores varóns (11 e 6, respectivamente).
- Por idades, o número medio de obras na última década obtén o seu valor máximo entre os 36 e os 45 anos. A partir dos 65 anos o ritmo decrece sensiblemente mais mantén aínda un número de publicacións moi relevante (algo máis de 5 obras).


## Obras traducidas

Un indicador da proxección da literatura en galego fóra de Galicia é o número de obras traducidas a outros idiomas, así coma o número de autoras e autores traducidos. Así, o 70% de persoas que escriben e publican en galego teñen obras traducidas a outros idiomas, dato que parece, de entrada, bastante positivo.

Non obstante, o número de obras traducidas é moito máis escaso, posto que estimamos, segundo os datos da enquisa, que só se traducen a outras linguas entre o 12% e o 20% do total de obras publicadas en galego. Cada escritor ou escritora conta cunha media de 3,8 obras traducidas, cifra moi afastada do promedio de obras publicadas en galego (17).


O idioma maioritario de tradución é o castelán, tanto referido a persoas como a número de obras, xa que case o 45% das escritoras e escritores son traducidos a este idioma (o 47% do total de obras traducidas están publicadas en castelán). Hai tamén unha presenza relevante do catalán e do inglés (19% e 18%, respectivamente) e, en menor medida, do portugués (14%).

Gráfica 11  
Obras traducidas a outras linguas (%)



Gráfica 12

Escritores/as traducidos a outras linguas (%)



Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.


## Formato de publicación

Respecto aos formatos de publicación, o formato físico segue a ser amplamente maioritario, posto que case unha cuarta parte das escritoras e escritores non teñen publicadas ningunha das

súas obras en formato dixital. O número medio de publicacións dixitais é de 4, o cal supón que cada persoa publica en dixital (de media) unha de cada catro obras.

En todo caso, as publicacións son, case sempre, en ámbolos dous formatos, xa que dous terzos do colectivo (66%) carecen de obras publicadas exclusivamente en dixital.

Gráfica 13




## Situación profesional e económica

### Situación profesional

A profesión de escritor ou escritora non é, para a meirande parte da mostra entrevistada, a súa única ocupación profesional: unha minoría ten una dedicación completa á escritura (só o 16,7%,

Gráfica 14

Compaxina outra actividade coa escritura (%)




porcentaxe que inclúe tamén ás persoas en situación de xubilación e de paro laboral), mentres que a ampla maioría ten que compaxinala cun traballo a tempo completo. Parece, pois, que se confirma en parte a imaxe da persoa que non pode vivir profesionalmente da escritura. En xeral, trátase dunha actividade “secundaria”, non necesariamente en dedicación nin en autoconsideración, pero si no referido á ocupación profesional “oficial”.

En máis dun 36% dos casos, esta outra actividade é a docencia (considerando en conxunto tódolos niveis educativos). Estas actividades son compatibles coa escritura, tanto pola dedicación horaria (funcionariado, pensionistas, docentes...) como por unha vinculación cultural ou intelectual (docencia, xornalista, etc.).




Gráfica 15



Hai igualmente, neste senso, unha elevada proporción de persoas que realizan profesionalmente outras actividades vencelladas á escritura, tamén dende un punto de vista editorial. Case a metade das escritoras e escritores realizan tamén labores de tradución (50%), edición (44%) ou crítica (43%), cuestión que vén a indicar que a escritura non é unha actividade estanca e que permite desenvolver actividades relacionadas, pero sobre todo indica que a escasa estabilidade profesional ten como consecuencia que é preciso complementar a actividade literaria principal con outras actividades relacionadas. Dentro da categoría “outros” indícase sobre todo as colaboracións en prensa e obradoiros de escritura. En calquera dos casos, hai máis proporción de mulleres que realizan este tipo de actividades paralelas, especialmente no caso da tradución e da edición.

Gráfica 16



*Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.*

Tal e como apuntamos previamente, máis da metade do colectivo está ocupado/a por conta allea e só o 12% tributa como traballador ou traballadora por conta propia. De xeito máis específico, tan só o 5% do total afirma que está dado de alta como autónomo/a en calidade de escritor ou escritora. Non obstante, este non é un dato real, posto que, ao non haber un epígrafe específico para a escritura, as categorías onde se rexistran son variadas:

- Pintores, Escultores, Ceramistas e Artesáns
- Persoal docentes ensinanzas diversas e Actividades do cine, teatro e circo
- Produtor teatral
- Tradutor e profesor


A existencia dun epígrafe propio é, pois, unha das demandas do colectivo.

#### Dereitos de autoría e ingresos

Entrados agora nos aspectos económicos, a meirande parte do colectivo (80%) percibe liquidacións por dereitos de autoría e un 38% conta con todas as súas liquidacións como positivas.

Gráfica 17

Percibe liquidacións anuais de dereitos de autoría? (%)




Con respecto aos xéneros cultivados, as persoas que escriben narrativa perciben, en maior proporción, liquidacións anuais de dereitos de autoría. Ademais, hai tamén maior proporción de persoas que din que todas as súas liquidacións son positivas.

Táboa 1

	Percibe liquidacións anuais de dereitos de autor?	Todas as liquidacións que percibe son positivas
<i>Narrativa</i>	85,4%	46,3%
<i>Académicas</i>	88,1%	43,2%
<i>Novela gráfica</i>	100,0%	25,0%
<i>Ensaio</i>	82,8%	40,4%
<i>Teatro</i>	76,9%	35,0%
<i>Outros</i>	79,4%	29,6%
<i>Poesía</i>	74,2%	33,3%

No que respecta ás porcentaxes por dereito de autoría segundo o formato das edicións, a narrativa e a poesía son os xéneros que inclúen, de media, as porcentaxes máis altas. No caso da narrativa, a porcentaxe para as edicións en papel (as máis comúns) sitúanse case nun 9% de media, mentres que para a poesía e para as obras dramáticas, esta cifra é do 14%.

Gráfica 18




Os ingresos medios por dereitos de autoría sitúanse lixeiramente por riba dos 1.595 euros<sup>2</sup>. A este respecto, hai diferenzas marcadas segundo xénero: as persoas que se dedican en exclusiva á poesía non chegan aos 200 euros de media ou as que escriben teatro superan por pouco os 400 euros, mentres que as que se dedican só á narrativa obteñen 1.795 euros. O máis habitual, porén, é compaxinar xéneros, polo que as cifras son, na práctica, algo mellores (ao compaxinar coa narrativa, os ingresos por dereitos de autoría sitúanse preto dos 1.500 ou 2.000 euros).

Hai, así mesmo, unha gran variabilidade das cifras, xa que o 14% non recibiu nada por dereitos de autoría no ano de referencia, mentres que se rexistran casos (moi puntuais) de persoas que ingresaron máis de 30.000 euros. Unha vez máis, non hai una relación directa entre o tempo de dedicación e o “éxito”, medido neste caso a través dos ingresos: as persoas que máis ingresan adoitan compaxinar o traballo na escritura con outros empregos, especialmente a tempo parcial.

En todo caso, algo máis da metade das escritoras e escritores galegos percibiron menos de 1.000 euros en concepto de dereitos de autoría o último ano que publicaron unha obra. Esta dato dá conta do escaso retorno económico que se está a dar no sector.


Gráfica 19



<sup>2</sup> Cifras referidas ao último ano no que o autor ou autora publicou unha obra.

Tal é a situación económica, que para o 72% do colectivo, os ingresos por autoría supuxeron menos do 10% dos seus ingresos no pasado ano (de feito, unha cuarta parte non percibiu ningún ingreso por este concepto). Tan só o 6% ten como fonte única de ingresos o seu labor na escritura, o cal non implica que estes ingresos sexan os suficientes para unha vida digna.

Gráfica 20



Finalmente, das persoas xubiladas, só unha minoría (o 6%) tivo penalizacións na Seguridade Social pola incompatibilidade das retribucións por dereitos de autoría coas pensións de xubilación. Isto é consecuencia, fundamentalmente, das escasas retribucións que se perciben.


Vistos os datos anteriores, cómpre, pois, dotar á profesión dun marco que mellore estes aspectos materiais e, que permita, en consecuencia, unha profesionalización máis efectiva do sector.

## Aspectos editoriais

### Axencias literarias

Respecto á contratación de axencias ou axentes literarios, case o 90% do colectivo non tivo nunca contratado este tipo de servizos. Tan só o 7% ten actualmente un ou unha axente (no 90% procedente de Cataluña). Na meirande parte dos casos (44%), isto é debido a que non lles interesa este tipo de servizos, mais hai unha importante porcentaxe, próxima

Gráfica 21




ao 22%, que sinala non atopar este tipo de servizo en Galicia.

As principais razóns para contar con este tipo de servizos é para intermediar coas editoriais, especialmente no tocante ás traducións, pero tamén en materia de contratos.

### Relación co mundo editorial

Tendo en conta a reducida porcentaxe de escritores e escritoras que contratan algún tipo de servizo de axencia literaria, o máis habitual, daquela, é a relación directa coas editoriais. Ao longo da súa traxectoria, a base societaria da AELG indica ter publicado, de media, en seis editoriais, mais nos últimos 10 anos a cantidade redúcese ata as catro editoriais.

Gráfica 22



Aínda que se indican ata 178 editoriais diferentes nas publicacións dos últimos 10 anos, Galaxia e Xerais son, sen dúbida, as editoriais de referencia ao publicar en galego: case a metade das autoras e autores publicaron algunha vez nestes editoriais (46% e 44%, respectivamente). A súa predominancia é tal que entre as dúas teñen case o 40% dos últimos libros publicados. Hai, porén, outras editoriais que teñen tamén unha presenza relevante como poden ser Urco, Embora ou Laiovento.

Gráfica 23




Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.

O máis habitual é poder escoller a editorial na que publicar (sucede nun 57% dos casos). Nun 18% chégase a publicar por medio dalgún certame e case un 22% indica ter publicado nunha editorial concreta debido a que era a única que se ofreceu. Isto tende a variar segundo a traxectoria: canto máis asentada está a persoa no mundo literario, maior capacidade para escoller a editorial de publicación. Ademais, só as persoas con máis de vinte anos na profesión publicaron a súa última obra por encargo.

Gráfica 24


Puido escoller a editorial coa que publicar? (%)



A reputación e a seriedade da editorial son as causas máis determinantes para escoller publicar nunha ou noutra, mentres que as condicións económicas son a razón con menos peso, probablemente porque non difiran substancialmente unhas das outras. Outro aspecto ben considerado é unha boa distribución e promoción da obra.

Gráfica 25


Importancia de razóns para escoller editorial (%)



En xeral indícase unha satisfacción moi positiva co labor editorial galego. Valórase especialmente a calidade da realización material do libro, así como a relación persoal e a rapidez da produción. Percíbese unha maior insatisfacción en relación ás condicións económicas, pero sobre todo a aspectos relacionados coa distribución e a promoción da obra.

Gráfica 26

Satisfacción co labor editorial (%)




### Aspectos contractuais

Na caracterización do tipo de relacións que establecen os autores e as autoras co mundo editorial é crucial coñecer o proceso seguido ata o momento da publicación. Así, unha vez enviada a obra, o máis habitual é recibir resposta das editoriais logo de entregarllela (o 71% afirma que, polo xeral, adoita recibir resposta), mais ata no 60% dos casos nalguna ocasión entregaron

Gráfica 27

Recibe resposta da editorial (%)



unha obra e non recibiron resposta algunha.


Na ampla maioría dos casos isto implica a publicación da obra, de tal xeito que máis da metade do colectivo publicou todas as obras que enviou a algunha editorial. Tan só un terzo do total publicou menos do 50% das obras enviadas.

Gráfica 28



O envío de obras sen asinar previamente un contrato é algo habitual no mercado editorial e só o 27% das autoras e autores din que nunca o fixeron. Non obstante, nun momento posterior non adoita ser necesario reclamar a sinatura dun contrato, mais unha cuarta parte do colectivo sinala que nalgunha ocasión tiveron que reclamálo. É preciso, pois, asentarse aínda máis a formalización contractual como un elemento imprescindible na relación autor/a e editorial.

Gráfica 29




En xeral os contratos coas editoriais parecen ser bastante completos: sempre ou case sempre inclúen cuestións coma a porcentaxe de dereitos de autoría a percibir, a exclusividade, número de exemplares, etc. A remuneración ou o anticipo específico dos dereitos de autoría é, cunha clara diferenza, o aspecto que con menor frecuencia se atopa nos contratos (no 36% dos casos non se recolle nunca un anticipo pola autoría).

Tamén hai poucas referencias ao tipo de distribución (o 22% das persoas afirman que non figura nunca nos seus contratos e o 20% que só se recolle algunha vez). Hai que ter en conta que un dos aspectos que menor nivel de satisfacción rexistra é, precisamente, a distribución e que unha boa distribución é clave á hora de escoller unha editorial ou outra. En definitiva, este é un



aspecto crucial para as escritoras e escritores e debería ser algo que se recolla en maior medida nos contratos asinados.

Gráfica 30




### Problemas coas editoriais

Rexístrase unha relativa conflictividade entre as editoriais e as escritoras e escritores, xa que o 45% do colectivo indica que tivo algunha vez problemas ou diverxencias relevantes coas editoriais. En concreto, o 18% tivo que presentar algunha reclamación ao respecto, na meirande parte da veces, reclamando á editorial aquelas cuestións en litixio. Só o 4% do total de escritoras e escritores tivo que emprender accións legais contra as editoriais.

Estes datos amosan que existe un certo nivel de desacordo entre autores e editoriais, mais tamén que, ou ben non son dunha conflictividade elevada e finalmente se solucionan por medios amigables, ou ben as autoras e autores optan por non reclamar xudicialmente para evitar problemas de maior entidade.

Gráfica 31




Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.

## Autopublicación

A autopublicación é unha opción moi pouco utilizada polos autores e autoras da AELG. En termos da traxectoria completa, o 73% non autopublicou ningunha das súas obras e só o 8% publicou deste xeito máis de dúas das súas obras. Parece que hai, porén, certa mudanza nesta práctica, xa que dúas de cada tres obras autopublicadas saíron á venda nos últimos dez anos.

Gráfica 32



En xeral a satisfacción con este recurso é moi alta (o 70% das persoas que optaron por esta modalidade afirman estar bastante ou moi satisfeitas).

Entre as razóns máis sinaladas para optar pola autopublicación, aparecen sobre todo o control do proceso (52%) e o rexeitamento das editoriais a publicar a súa obra (41%). Os aspectos económicos están presentes pero en moita menor medida (só no 7% dos casos).


É dicir, as razóns que levan a esta modalidade son dúas: necesidade de controlar todo o proceso de edición, o cal implica certa insatisfacción co traballo editorial e a falta de oportunidades en editoriais “tradicionais”.

## Apoio e promoción da literatura

### As institucións públicas

En xeral non é habitual contar con subvencións ou axudas á publicación, e este recurso só foi habitual para algo máis do 10% das persoas, e o descoñecemento é a principal razón para non contar en maior medida con este tipo de axudas.


Gráfica 33



Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.


Continuando con esta valoración da situación institucional, atopamos tamén unha valoración moi crítica co apoio á escritura en galego por parte das institucións públicas, fundamentalmente coa Xunta de Galicia (isto explícase en que as competencias en materia de cultura están transferidas ao Goberno da Comunidade, e polo tanto o Estado Español). Neste caso, o 75% das escritoras e escritores consideran que o apoio proporcionado pola Xunta é baixo ou inexistente. Non hai, en xeral, ningunha institución pública que sexa valorada positivamente por unha maioría do colectivo. Esta cuestión supón, obviamente, un problema relevante para a literatura en galego. En todo caso, son as Deputacións as institucións que reciben a valoración máis alta, concretamente, o seu apoio é valorado como medio-alto, polo 51,6%.

Gráfica 34



Outra parte relevante da saúde institucional é a percepción de “censuras” ou censuras veladas por parte das institucións do país. En máis metade dos casos, a base societaria entrevistada afirma non ser quen de identificar este tipo de obstaculizacións ao correcto acceso aos recursos e actividades. Non obstante, o 41% detecta ou percibe por parte das institucións públicas obstaculizacións no acceso aos recursos, programas e/ou axudas, un 30% percíbeos tamén en institucións privadas. No primeiro caso, a Xunta de Galicia é, con moita diferenza, a institución máis sinalada.

Gráfica 35




### Os medios de comunicación

Parece, pois, que tanto as institucións coma os medios de comunicación non teñen unha boa imaxe entre o conxunto de escritoras e escritores galegos. Na valoración sobre o rol dos medios de comunicación, públicos e privados, en moi poucos casos se percibe un labor positivo de promoción e difusión. O medio coas peores valoracións é a televisión, tanto en xeral coma nomeadamente a TVG. Neste caso en concreto, só o 4% considera que fai un bo labor de promoción. A Radio Galega obtén unha valoración algo máis positiva, mais bastante crítica igualmente.

A enquisa tamén incluía unha parte propositiva respecto a esta cuestión, e preguntóuselle aos escritores e ás escritoras polos modelos mediáticos que lles resulten máis relevantes cara a mellorar a promoción do libro galego. En xeral, os programas culturais de TV considéranse o medio máis indicado cara a difusión e promoción do libro.

Gráfica 36

Apoio e promoción mediática (%)



### As librarías

Respecto das librarías, aínda que se valora en maior medida o traballo de promoción realizado, o 39% sinala que o seu labor na promoción é escaso ou nulo. Como dato positivo, o 21% cre que o seu traballo, neste aspecto, é bo.

Na parte propositiva, menciónanse casos de librarías que poden supor un modelo a seguir.

As máis mencionadas son:

Táboa 2


<b>Cartabón</b>	14,9%
<b>Couceiro</b>	9,9%
<b>Paz</b>	7,1%
<b>Moito Conto</b>	6,3%
<b>Pedreira</b>	4,9%
<b>Lila</b>	3,5%
<b>Trama</b>	2,8%
<b>Follas Novas</b>	2,8%
<b>Sisargas</b>	2,8%

Fora das grandes vilas, salientan tamén as librarías Miranda e Abrente, de Bueu, e Libraida, de Gondomar.

En todo caso, no que atinxe ás estratexias, salientase sobre todo o modelo de librería activa, que quere ser máis que un punto de venda e que realiza habitualmente actividades no local (presentacións, clubs de lectura, promocións específicas, etc.).

Gráfica 37

Valoración das librarías na promoción do libro galego (%)




## A crítica

A valoración da crítica en lingua galega atópase dividida e as opinións non están claramente polarizadas. Aínda que máis dunha cuarta parte (28%) cre que é boa, máis da metade do colectivo (55%) cre que é mellorable e o 17% afirma sen matices que é mala.

Nas consideracións aportadas sobre este sector, fálase dunha posible "retroalimentación interna", en termos de endogamia entre as editoriais, os principais profesionais da crítica e as obras comentadas. Nalgúns casos tamén é cualificada como pouco construtiva (e mesmo autodestrutiva para o sector), e, tamén, como moi pouco profesionalizada. Aparece, con claridade, como un aspecto a mellorar do ambiente literario en galego.


Gráfica 38  
Valoración da crítica en lingua galega (%)



## Contribución á normalización lingüística

A relación da literatura en galego coa normalización lingüística e o rol dos autores e autoras neste senso é un claro campo de consenso entre as persoas que participaron na enquisa. Máis do 80% considera que deben ser referentes na normalización lingüística e a práctica totalidade sinala á literatura galega como imprescindible ou moi relevante de cara á normalización do idioma. As escritoras e escritores están a demandar, pois, un papel activo e relevante nesta cuestión, pero que debe ser apoiado ou fomentado polas propias institucións que, como xa vimos, parecen non aportar pulo nesta liña.


Gráfica 39



## A AELG


Finalmente, a enquisa comprendeu tamén un apartado destinado a coñecer aspectos relacionados coa AELG, como a valoración sobre o seu labor, aportes e ideas cara ao seu futuro, etc. En primeiro lugar, é de salientar que a base societaria leva moito tempo vinculada á AELG, xa que algo máis do 21% leva máis de 20 anos como asociado, e a antigüidade media sitúase nos 14 anos. Os motivos principais para asociarse á AELG aparecen vencellados á ética profesional e á defensa dos intereses dos autores e autoras en galego.

Gráfica 40  
Antigüidade como asociados/as (%)



Gráfica 41

Motivos para asociarse (%)



*Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.*

Máis de dúas terceiras partes non bota en falta algunha actividade concreta, mais as persoas que si demandan algunha outra acción sinalan, sobre todo, a necesidade de dar asistencia, asesoramento e mediación legal. Menciónase tamén, con certa frecuencia, o incremento de presenza nos medios e a visibilidade ás novas xeracións de autoras e autores como elementos clave para a asociación.

O apoio aos novos talentos, o incremento de actividade nas redes sociais e, en xeral, a modernización da asociación son cuestións necesarias para incrementar o interese das autoras e autores máis novos pola AELG. Neste senso, case unha cuarta parte das persoas entrevistadas (22%) consideran que a asociación non resulta atractiva para a xente de menor idade. Cómpre, pois, actuar sobre este aspecto.

## Reflexións e conclusións acerca do sector

Nas páxinas precedentes, detalláronse os resultados de corte cuantitativo que permitiron ofrecer unha radiografía do sector. Para completar e complementar metodoloxicamente o estudo, realizáronse tamén varias entrevistas en profundidade con diversas persoas asociadas que permiten valorar dende outra perspectiva a situación actual. O seu obxectivo, como xa sinalamos, foi dobre, procurando contrastar algunhas das conclusións meramente cuantitativas, por unha parte, e pola outra, para recoller aquelas achegas ou reflexións que a enquisa, pola súa forma estruturada, non chega a recopilar.

En primeiro lugar, xorde a reflexión acerca da idade media no comezo da dedicación á escritura, calculado entre os 36 e os 38 anos. Este é un dato que sinala unha idade "tardía" na dedicación á escritura, algo que contrasta co tipo de vocación e, sobre todo, coa imaxe social da vocación na escritura, que comezaría en etapas moi temperás da vida. Mais tamén é un dato que se está vencellado á selección dalgún fito persoal (como a primeira publicación), estaría a sinalar unha problemática máis ben estrutural, como poderían ser as dificultades no acceso á publicación.

Hai tamén razóns máis ben biográficas, xa que se considera que o punto no que comezou a dedicarse á escritura é o momento no cal puideron atopar estabilidade, tempo e posibilidade a este labor. Non só economicamente, senón tamén cuns horarios fixos e regulamentados. Obviamente, isto non supón que estas persoas non se dedicaran á escritura ou non se consideraran a si mesmos como escritores, senón que ata que non lograron encontrarlle o acomodo que eles e elas desexaban para isto, non puideron dar comezo ao tipo de dedicación plena que require a escritura.

As dúas posturas non están necesariamente en confrontamento e de feito son complementarias: existe a idea de que o comezo na dedicación plena está vencellado a un fito formal (publicación, etc.), pero tamén que este comezo só pode darse nalgúns casos, a partires de ter garantida a manutención e/ou uns horarios fixos e regulares. Se ámbolos dous datos apuntan, mesmo socioloxicamente, a esta idade media, pódese ver con claridade a cuestión estrutural que está a iluminar o dato: a difícil situación que supón esta profesión, xa que ou ben non se acada a publicación ata pasados os 30 anos, ou mesmo as persoas teñen que asumir resolver primeiro o aspecto vital e económico, para poder considerar a posibilidade da dedicación á escritura.

Case dun xeito obrigado, esta pregunta aparece vencellada á compaxinación co traballo a tempo completo. En xeral, as persoas entrevistadas consideran que esta necesidade ten un impacto directo e negativo na produtividade dos escritores e das escritoras. O cal deixa de manifesto a principal necesidade no fomento da literatura en lingua galega, que é dobre: por unha, contar con posibilidades ou canles para un acceso máis temperán á publicación (xa que isto ten unha incidencia clara na decisión profesional das persoas); pero pola outra, moito máis importante, tratar de desenvolver algún tipo de recurso institucional de apoio a estas persoas, en forma de bolsas ou outro tipo de financiamento, que lles permita desenvolver a súa obra. Este último punto é, de feito, un dos principais reclamos respecto á situación institucional a nivel público.



Existe unanimidade nun paradoxo que parece estar a darse no ámbito da literatura en galego: por unha banda, sinálase a alta calidade das producións e o prolífico do volume e da diversidade acadada nas últimas décadas; pola outra, saliéntanse as dificultades estruturais e institucionais que teñen que afrontar as persoas que deciden dedicarse á escritura en galego. A síntese deste paradoxo é a precarización dos creadores e creadoras, que seguen, a pesares de todo, producindo sen perder calidade. Aínda coas diferenzas que poden atoparse, sinálase o modelo catalán como referente tanto en materia de normalización como de difusión e apoio á creación literaria.

En xeral, nas entrevistas atopamos unha valoración moi positiva dos colegas escritores e escritoras, considérase que a produción é de altísima calidade, moi diversa, tanto a nivel de xéneros, como mesmo das variantes lingüísticas do galego. Pero, tamén de xeito unánime, denúnciase a falta de apoio institucional, sobre todo a nivel público, que reciben estas persoas. Esta denuncia respecto da situación institucional corre parella en dous aspectos (que mesmo poderían ser complementarios): por unha banda a cuestión da lingua e da escasa normalización lingüística apoiada dende a Xunta, que aparece caracterizada máis ben como un obstáculo que como un apoio ao crecemento da comunidade galego-falante (e que ademais limita de forma radical as variantes lingüísticas do galego); pola outra, a falta de apoio á creación literaria en si mesma. Neste último apartado, cabe sinalar tamén o seguinte: a pesares de que se valora moi positivamente o papel que xogan as bibliotecas e clubs de lectura no fomento da literatura galega e na compra de volumes, denúnciase tamén que este apoio estase a limitar e que non é capaz de chegar máis que aos nomes máis recoñecidos.

En certo senso, é dicir que a semente da literatura galega é sa e forte, pero o problema está na terra, á que lle faltan nutrintes e estímulos para que o que se pon nela poida agromar. Tal e como se apuntou previamente, o principal reclamo respecto ao apoio público nin sequera é unha mellor difusión, ou mesmo unha mellora na labor de normalización, senón desenvolver apoios económicos concretos, como por exemplo bolsas á creación literaria, para que os escritores e escritoras, independentemente da idade ou do prestixio, poidan levar a cabo a súa obra sen a presión económica da necesidade doutro traballo.

Na descrición da precarización do sector aparece tamén a compaxinación con outras actividades profesionais. Hai consenso en que isto é negativo para a produción da obra, mais tamén, e quizais máis importante, no desenvolvemento da traxectoria como escritores. Isto ten unha explicación, por unha banda, na escasa profesionalización do sector literario galego, que non é quen de atoparlle lugar ás escritoras e escritores para que desenvolvan un traballo no mundo literario paralelo ao seu tempo de creación. Pero pola outra, indica tamén que estas persoas teñen que garantir primeiro unha base económica sólida para poder dedicarlle tempo á escritura, algo que non é sempre garantía de éxito, por suposto.

Respecto da crítica literaria, a valoración non é moi positiva. Sinálase a falta de profesionalización do sector, do cal o síntoma é o feito de que moitas veces a crítica sexa considerada como "promoción camuflada de crítica literaria". O problema con isto non é só que os escritores e escritoras requiren este apoio da labor crítica, xa que o consideran fundamental para a mellora das súas creacións, senón que implica tamén que a comunidade non conta cun criterio na procura das súas lecturas. Isto tamén enlaza coa cuestión da escasa e moi necesaria

difusión dos autores e autoras. A percepción unánime é que a difusión é escasa, e que, no caso de habela, é sempre de autores e autoras xa "consagrados", especialmente daqueles que tamén están consagrados nas súas publicacións en castelán. Sínálase que esta difusión debería ser quen de fomentar os novos talentos, e non retroalimentar aos autores e autoras que xa teñen unha situación estable en termos de ventas.

Finalmente, estanse a demandar táboas orientativas de prezos e tarifas como contido específico dentro do Libro Branco ou, como mínimo, unha orientación xeral ao respecto, non só no tocante ao propio labor literario, senón tamén a outras actividades relacionadas (conferencias, actos promocionais, prólogos, pregóns, xurado de concursos...). Dotar dun marco de referencia é fundamental para unha maior e mellor profesionalización do sector, mais tamén para orientar ás novas autoras e autores que se inician na literatura. Obviamente, este é un aspecto complexo en materia legal, mais é síntoma tamén das preocupacións e dúbidas que lle están a xurdir ás persoas integrantes do colectivo.


En síntese, se observamos o resultado destas entrevistas como unha confronta de fortalezas e debilidades, as principais ideas serían:

- Fortalezas:
  - Autores e autoras moi prolíficos, de alta calidade e diversos.
  - Compromiso coa lingua.
  - Forte sentimento de pertenza a un colectivo (asociacionismo).
- Debilidades:
  - Falta de apoio e recoñecemento institucional.
  - Falta de profesionalización do sector.
  - Falta dun marco normativo e lexislativo específico.


Por último, pedíronselle ás persoas participantes 5 palabras que tiveran asociadas á literatura galega e á AELG, para obter unha caracterización espontánea destes dous aspectos. Para favorecer unha visualización máis completa e gráfica, creamos unhas nubes de palabras que representan segundo o tamaño e o gradiente de color a frecuencia das palabras obtidas.

O resultado pode valorarse en varios eixos. Por unha banda, as identidades: vemos que ámbalas dúas nubes amosan un peso moi alto da "resistencia", é dicir, que neste aspecto a AELGA é capaz de xerar identificación coa literatura galega. Pola outra, as diferenzas, como poden ser a cualidade das palabras sinaladas: na literatura galega, máis aló da resistencia, defínese ou descríbese como é percibida: moderna, de calidade, defensora da lingua galega; mentres que a AELGA defínese dende a súa labor, dende as accións que leva a cabo, como militante, loitadora ou como apoio aos escritores e escritoras.

## Literatura galega



## AELG



Como conclusión, percíbese un colectivo para o que é necesario artellar procedementos de apoio en aspectos legais e formais, de xeito que poida fornecerse dunha maior seguridade xurídica (hai aínda moitas obras que se publican sen contrato ou que, diante de discrepancias coas editoriais, óptase por non reclamar). Na actualidade, dar resposta a estas cuestións implica un custe moi importante, especialmente de tempo, o cal precariza aínda máis a unhas persoas que xa teñen que facer un esforzo para compaxinar outro traballo regrado coa súa dedicación á escritura.

En segundo lugar, existe a necesidade de dinamizar o ecosistema institucional cara ao fomento da literatura en galego. Unha dinamización que non só debe estar enfocada cara aos piares históricos da literatura galega, senón que debe tentar recoller boa parte da prolífica produción das escritoras e escritores galegos actuais. Este fomento da lectura é descrito por algunha das persoas participantes como a "creación" dos novos lectores e lectoras en galego, cuestión que debe xurdir dende o propio sistema educativo.

Pero este esforzo ten que se ver reflectido no resto do ecosistema institucional, público e privado. A literatura galega non pode ser, para unha parte da poboación nova, un contido formativo máis e, para iso, a literatura en galego debería ter espazos visibles e relevantes nas propias librarías ou espazos televisivos fóra de horarios intempestivos. A literatura en galego debe ter, pois, presenza no mundo no que o seu potencial público vive decotío, mesmo a través de novas canles de comunicación como poidan ser os booktubers ou outro tipo de comunicadores actuais.

Respecto da industria editorial, viuse que, malia tódalas complicacións económicas e/ou institucionais, segue a estar viva. O obxectivo non debería ser que esta vida da industria editorial teña que ser arriscada, senón favorecer a enorme iniciativa e ganas que hai no noso ámbito para facer vivir á literatura en galego.

Finalmente, sinalar que hai outros dous aspectos nos que sería necesario afondar para un tratamento integral do sector: por unha banda, coñecer a situación da industria editorial, preguntándolle directamente aos seus integrantes e, pola outra, conxuntar estes coñecementos coas opinións dos lectores e lectoras do futuro, xa que serán eles os que manteñan vivo o galego e a literatura galega.

## Ficha técnica

### Enquisa

#### **UNIVERSO**

Escritoras e escritores en lingua galega asociados á AELG. Estímase un tamaño do universo de 470 persoas.

#### **TAMAÑO DA MOSTRA**

A mostra final está conformada por 141 persoas. Entrevistouse, pois, ao 30% do universo.

#### **ERRO DE MOSTRAXE**

Para un nivel de confianza do 95% e un suposto de  $p=q=50\%$ , o erro para os datos totais da mostra estímase no 6,9%.

#### **RECOLLIDA DA INFORMACIÓN**

Cuestionario *online* enviado a través de correo electrónico.

#### **TRABALLO DE CAMPO**

O traballo de campo foi realizado entre o 10 de agosto e o 13 de setembro de 2020.

### Entrevistas en profundidade

#### **NÚMERO DE ENTREVISTAS**

Nove entrevistas en profundidade.

#### **PERFIL DAS PERSOAS INFORMANTES**

Buscáronse perfís diferenciados en función das distintas características (idade, xénero, xénero literario principal, etc.), para obter unha visión de conxunto.

#### **RECOLLIDA DA INFORMACIÓN**

Entrevista telefónico con guión semiestruturado.

#### **TRABALLO DE CAMPO**

O traballo de campo foi realizado entre o 2 e o 19 de outubro de 2020.